



CG/ap

Asunto	Informe dentro do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria en relación a documento adicional	Clave	PE-PO-017-20(1)
Proxecto	Parque eólico Alto de Montouto		
Espazo natural	Ningún		
Concello	A Cañiza e Covelo		
Provincia	Pontevedra		
Solicitante	Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	Ref.	IN408A 2017/18
Promotor	Alto de Montouto S.L.	Ref.	

I. Antecedentes administrativos.

Mediante oficio do 13.12.2021, do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, petición de informe sobre a documentación adicional presentada por Alto do Montouto en contestación ao informe emitido por esta dirección xeral o 09.10.2021, aos efectos de mostrar a súa conformidade ou reparos a dita contestación.

A documentación que se acompaña é a seguinte:

- “RESPUESTA AL INFORME EMITIDO POR LA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL” (Ourense, a 7 de diciembre de 2021).
- Varios documentos de Vestas en relación ao balizado de pas.
- Arquivo en formato shape (.shp) con información gráfica.

O informe do 09.10.2021 desta dirección xeral ao que se pretende coa presente dar resposta concluía coas seguintes observacións e requirimentos:

“Á vista dos antecedentes, da análise da documentación e das achegas efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra de 12.03.2021, se informa que non é previsible que o proxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, sempre e cando se garanta





o cumprimento das medidas contempladas na documentación achegada e se teñan en conta as seguintes consideracións:

- Respecto as turbeiras identificadas ao redor do Alto da Telleira, o elemento mais próximo é a gabia de interconexión, que discorre por un camiño existente. Considérase que o impacto non será apreciable sempre que se abra polo lado oriental do camiño.

Previamente ó inicio dos traballos, será comprobada a ausencia, na zona de construción da gabia de interconexión, de hábitats de turbeira, comprobando a presenza de especies tales como: *Sphagnum* spp., *Drosera intermedia*, *Drosera rotundifolia*, *Eriophorum angustifolium*, *Caltha palustris*, *Erica tetralix*, *Erica ciliaris*, *Viola palustris*, *Carex* spp.

- O EsIA concretará os controis e as medidas para tomar para evitar os arrastres de terras procedentes das obras, xa que este aspecto contéplase de forma xenérica.
- A principal carencia do estudo de impacto ambiental é a calidade do inventario de campo sobre á fauna que obxectivamente pode verse afectada polo parque eólico. En consecuencia, e tendo en conta as características da zona, é necesario que o proxecto incorpore medidas adicionais que garantan a minimización do impacto por colisión:

- ❖ Para os quirópteros:

- Restrinxirase a rotación das pas das turbinas o máis posible por baixo da velocidade de réxime, determinando a velocidade do vento en buxe por baixo da cal os aeroxeradores permanecerán parados.
- No plan de vixilancia ambiental informarase sobre os tempos que a velocidade do vento foi inferior ao limiar establecido e a porcentaxe en que os aeroxeradores permaneceron parados por este motivo.

- ❖ Para as aves:

- Implementar tecnoloxías de redución do impacto por colisións como sistemas de detección baseados en vídeo (DtBird ou similar), que son sistemas que traballan de forma independente para facer un seguimento





das aves e mitigar a mortalidade nos emprazamentos de turbinas eólicas. O sistema detecta as aves automaticamente e pode adoptar dúas medidas independentes para mitigar o risco de colisión das aves: activar sons de alerta ou parar a turbina eólica.

- Considerando as aves rapaces (detectadas no ESIa e polos axentes ambientais do Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra) que voaban nas proximidades dos emprazamentos dos aerogeneradores e a sensibilidade destas a sufrir unha colisión, o sistema deberá previr a colisión de *Accipiter gentilis*, *Aegypius monachus*, *Aquila chrysaetos*, *Buteo buteo*, *Circus cyaneus*, *Falco tinnunculus*, *Gyps fulvus*, *Hieraetus pennatus*, *Milvus migrans* e *Pernis apivorus*. Se, durante os traballos de vixilancia ambiental, se detectase un aumento da frecuencia doutras especies de rapaces, o sistema deberá ampliar o seu paraugas de protección a estas.
- Como medida disuasoria pasiva, o pintado en negro dunha das aspas de cada un dos aerogeneradores.

O plan de vixilancia ambiental medirá a mortalidade observada neste parque e a comparará coa mortalidade dos parques lindeiros xa existentes (con aerogeneradores sen pintar) para informar si a medida é ou non eficaz, e para que especies.

O estudo no que se basea esta proposta é "Paint it black: Efficacy of increased wind turbine rotor blade visibility to reduce avian fatalities. Roel May, Torgeir Nygård, Ulla Falkdalen, Jens Åström, Øyvind Hamre".

- ❖ O plan de vixilancia ambiental avaliará tanto o impacto do parque eólico por colisión sobre as aves e os morcegos, como a efectividade das medidas requiridas nos parágrafos anteriores.
- En particular, as condicións mínimas para o plan de vixilancia ambiental no relativo ao control da mortalidade por colisión durante a fase de explotación, serán as especificadas no anexo I deste informe.





- Noutro orde de cousas, e en relación ao lobo, tense que dar cumprimento ao punto 18 (“Efecto barreira das infraestruturas”), apartado 5, do Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia. Neste senso, no primeiro ano de funcionamento do parque eólico, como parte do plan de vixilancia ambiental, débese remitir á Dirección Xeral de Patrimonio Natural un estudo con datos sólidos sobre a presenza de lobos na área de influencia do parque eólico e debe realizarse unha avaliación e seguimento das afeccións da instalación eólica sobre a poboación de lobos; estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc”.

II. Índice de contidos da resposta de Adelanta en representación de Alto de Montouto S.L. ao informe do 09.10.2021.

O escrito de resposta do representante legal de Alto de Montouto S.L. expón as seguintes índice de contidos (o contido máis detallado se interporá no epígrafe seguinte, **III. Análise da documentación**):

PRIMEIRA. Emisión do informe fora do prazo legalmente establecido.

SEGUNDA. SOBRE EL APARTADO II. Resumo do proxecto.

TERCEIRA. SOBRE EL APARTADO III. Análise da documentación.

CUARTA. SOBRE EL APARTADO IV. Conclusións.

- IV.1 Relativa a la zanja de interconexión.
- IV.2 Relativa a la concrección en el EsIA de controles y medidas para evitar arrastres.
- IV.3 Relativa a la carencia do estudo de impacto ambiental é a calidade do inventario de campo sobre á fauna que obxectivamente pode verse afectada polo parque eólico.
- IV.3.1 Relativa a medidas adicionales que garantice la minimización de impacto por colisión para quirópteros.



- IV.3.2 Relativa a medidas adicionais que garantice la minimización de impacto por colisión para aves.
- IV.3.3 Relativa a la presentación de un estudio sobre la presencia del lobo.

III. Análise da documentación.

Examinada a documentación recibida realízase a continuación unha análise das respostas efectuadas pola promotora. Para elo se segue a mesma secuencia presentada na resposta do índice atrás exposto, intercalando as respostas do promotor “en cursiva” xunto coa contestación pertinente da dirección xeral.

1. Emisión do informe fora do prazo legalmente establecido.

A solicitude de informe á Dirección Xeral de Patrimonio Natural produciuse o 14/10/2020 e emitíuse o 09/10/2021. O interesado invoca as seguintes disposicións legais ao seu favor sobre este feito:

- ❖ O artigo 37.4 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, que estable un prazo máximo de 30 días hábiles desde a recepción da notificación para emitir os informes, e o artigo 38, que dispón que non se teñan en conta os informes recibidos fóra dos prazos establecidos nos artigos 36 e 37.
- ❖ O artigo 24.1 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, establece un prazo de emisión de tres meses, salvo que unha disposición legal determine un prazo inferior, e añade que, transcorrido devandito prazo sen que fose emitido ou sen resolución expresa, terá a consideración de favorable á implantación da iniciativa empresarial, excepto nos supostos en que a normativa estatal que resulte de aplicación determine outra solución.

Conclúe que “la aplicación de la normativa expuesta determina que el Informe que se ha emitido por la Dirección Xeral de Patrimonio Natural fuera de plazo deba tener la consideración de favorable, sin que proceda tener en cuenta su sentido negativo, pues de lo contrario se estaría vaciando de contenido la



regulación legal que fija un régimen claro y específico sobre las consecuencias que conlleva la emisión de los informes fuera de plazo”.

Sobre esta cuestión cabe sinalar o seguinte:

- ❖ O prazo máximo establecido no artigo 37.4 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, non ten carácter básico e por tanto só é de aplicación á Administración Xeral do Estado e aos seus organismos públicos, segundo reza a disposición final oitava da propia lei.
- ❖ O artigo 24.1 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, condiciona o sentido favorable do informe, exceptuándoo nos casos en que a normativa estatal que resulte de aplicación determine outra solución.

O artigo 24.1, segundo parágrafo, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dita que o silencio terá efecto desestimatorio nos procedementos cuxa estimación impliquen o exercicio de actividades que poidan danar o medio ambiente, que é o caso ante o que nos atopamos.

Vista a incompatibilidade existente entre o disposto no artigo 24.1, segundo parágrafo, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e o artigo 24.1 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, prima a lexislación básica do Estado.

Por todo o devandito, o informe emitido por esta dirección xeral é plenamente válido e, ante calquera dúbida, debe causar efectos desestimatorios.

2. SOBRE EL APARTADO II. Resumo do proxecto.

Resposta Adelanta:

Se indica en dicho apartado lo siguiente (refírese ao sinalado no informe do 09.10.2021):

“A enerxía xerada polo parque eólico Alto de Montouto será entregada á rede eléctrica a través da subestación do parque eólico Alto da Telleira, xa autorizada pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Xunta de Galicia mediante Resolución do 15 de febreiro de 2016”.



Procede indicar que si bien la energía generada en el parque eólico Alto de Montouto se entregará en la subestación denominada Alto da Telleira, la ubicación actual de dicha subestación no se mantiene respecto a la ubicación del proyecto autorizado mediante Resolución do 15 de febreiro de 2016, tal y como se deduce de la información gráfica de los documentos Proyecto Técnico y Estudio de Impacto Ambiental.

Resposta da Dirección xeral de patrimonio Natural (en adiante DXPN):

O promotor indica que o feito de que a subestación denominada Alto da Telleira non se mantén respecto á localización do proxecto autorizado se "deduce" da información gráfica. Esta aseveración implica que para discernir que a subestación presenta unha localización diferente hai que cotexar información relativa a outro proxecto xa aprobado, para poder corroborar que efectivamente non hai coincidencia. Sinalar, por tanto, que o feito de presentar información gráfica do cambio non exime de que haxa que indicar de maneira precisa e expresa os cambios agora matizados, sendo por tanto a información que se presenta cando menos "parcial".

Revisado novamente a situación da subestación indicar que non hai observacións adicionais que efectuar ao respecto da súa localización actual, salvo os aspectos que lle son de aplicación e xa foron contemplado no informe do 09.10.2021.

3. SOBRE EL APARTADO III. Análise da documentación.

Resposta Adelanta:

Sobre el Apartado 11 (do informe da DXPN):

"Advirten de que a alta pluviosidade da zona pode xerar arrastres de sólidos en suspensión procedentes das obras, que poderían causar danos nas cabeceiras de cursos fluviais que drenan a espazos protexidos Rede Natura 2000 e nas zonas turbosas existentes, polo que se pide que o EslA concrete os controis e as medidas para tomar, xa que este aspecto contéplase de forma xenérica".

En resposta a esta observación, procede indicar que en todo momento se dará cumprimento a las determinaciones que sean fijadas por el Organismo de Cuenca, específicamente indicadas en el documento "Memoria descriptiva de las



actuaciones en el ámbito del Dominio Público Hidráulico del PARQUE EÓLICO ALTO DE MONTOUTO. Mayo 2021" donde se da respuesta a las consideraciones realizadas en fecha 28 de abril del 2021 por la Confederación Hidrográfica Miño – Sil al proyecto, y que forman parte del expediente de información pública.

Resposta da DXPN:

O promotor responde que os aspectos requiridos foron satisfeitos ao órgano de conca nun documento específico que identifica, e que este a súa vez estaba dispoñible no expediente de información pública. Así mesmo sinala que dará cumprimento coas determinacións que o organismo de conca determine.

De acordo co anterior indicar o seguinte:

- ❖ A información aludida non foi facilitada a esta DXPN para a elaboración do informe do 09.10.2021. Tampouco se facilitou en datas posteriores, nin tampouco co presente escrito.
- ❖ Si ben o organismo de conca ten competencias expresas en relación ao asunto requirido, esta DXPN ten competencias tamén no asunto, tal e como se sinalaba cando se referían os potenciais efectos sobre a Rede Natura 2000 e de zonas turbosas existentes, só por mencionar algúns dos elementos sobre os que recae a competencia.
- ❖ En definitiva segue sen darse resposta ao requirido.

Resposta Adelanta:

Sobre el Apartado 11 (do informe da DXPN):

"En relación ás campañas de observación de aves, as estacións de observación realizadas considéranse insuficientes..."

"Os itinerarios de censo realizados resultan insuficientes para a obtención dun inventario real da fauna existente no ámbito do proxecto, xa que os itinerarios de censo deben comprender, como mínimo, transectos que abranguen cada un dos hábitats naturais existentes dentro da poligonal do parque eólico,



constatando a afección sobre a fauna para cada unha das alternativas propostas, sen limitarse a aves e quirópteros”.

“As especies de aves localizadas e identificadas, de xeito habitual, polos axentes ambientais do Servizo de Pontevedra (non citadas no EIA) son as seguintes...”

En resposta a dichas observaciones, entendemos que la información proporcionada en el EslA, resultado de los trabajos de campo realizados en los años 2016 y 2017 es adecuada y suficiente para la caracterización de los elementos faunísticos más relevantes en relación con la instalación de un parque eólico.

Los trabajos de caracterización faunística, se realizaron campañas de campo que completaron la información bibliográfica relativa a las comunidades de aves y quirópteros presentes en la zona. Las especies indicadas como no citadas en el EslA, se citan en el apartado 2.1 Aves, inclusive *Loxia curvirostra* (de la que se indica que la presencia de una colonia nidificante y sedentaria dentro de la poligonal), las cuales pueden no haber sido observadas en los transectos o desde las estaciones de observación, pero sí han sido incorporadas al inventario en base a referencias bibliográficas, para su consideración y evaluación en el estudio de impacto ambiental. Posteriores visitas realizadas a la poligonal del parque han complementado la información existente, ratificando la presencia de las especies previamente observadas y otras citadas en base a información bibliográfica.

Resposta da DXPN:

Nesta resposta a empresa expón primeiramente, e de maneira parcial, as observacións que foran interpostas no informe da DXPN de 09.10.2021, para logo disentir nas observacións que se manifestaran. Ao respecto deste apartado procede remitirnos ao texto íntegro recollido no informe do 09.10.2021 no cal se expoñía con suficiencia o argumento que avalaba as observacións efectuadas, argumento que á vista do agora recollido por Adelanta segue plenamente vixente e por conseguinte as observación que del se derivaban.



Resposta Adelanta:

Sobre el Apartado 11 (do informe da DXPN):

"O Plan de Vixilancia Ambiental do EslA contempla o seguimento da especie *Circus pygargus*, debido a súa inclusión no Catálogo galego de especies ameazadas; non obstante, deberá incluír tamén o seguimento das seguintes especies con presenza na contorna da área do proxecto e catalogadas con figuras de protección de diferentes ámbitos lexislativos.

En resposta a dicha observación, hay que tener en cuenta que el Plan de Vigilancia Ambiental contempla el seguimiento específico de *Circus pygargus* dado la posible presencia de nidificantes en la poligonal del parque eólico. Las otras especies indicadas en la observación, incluidas en el Catálogo Gallego de Especies Amenazadas o en el Catálogo Español de Especies Amenazadas, como *Aquila chrysaetos* y *Aegypius monachus*, no se presentan como reproductoras en la poligonal, por lo que no requieren de la realización de campañas de comprobación de posibles nidificantes como en el caso de *C. pygargus*.

No obstante, el plan de vigilancia ambiental (apartado 11 del Estudio de Impacto Ambiental), contempla un seguimiento de aves y quirópteros tanto en fase de construcción como en fase de explotación, para todas las especies de aves presentes en el entorno del parque eólico, tanto nidificantes como no nidificantes, con especial atención a las especies de aves con figuras de protección.

Resposta da DXPN:

Esta resposta non introduce ningunha corrección ao recollido no texto transcrito do informe da DXPN.

4. SOBRE EL APARTADO IV. Conclusiones.**Resposta Adelanta:**

Relativa a la zanja de interconexión (do recollido no informe do 09.10.2021).

"Respecto ás turbeiras identificadas ao redor do Alto da Telleira, o elemento mais próximo é a gabia de interconexión, que discorre por un camiño existente.



Considérase que o impacto non será apreciable sempre que se abra polo lado oriental do camiño”.

Debe indicarse que la zanja de interconexión discurre por lado occidental del camino existente en una longitud de 282 m aproximadamente. Este trazado obedece a la presencia de un bien patrimonial inventariado denominado “Mámoa de Fontefría 7” de código GA36009013.

De acuerdo con el criterio adoptado por la Dirección Xeral de Patrominio Cultural, el trazado el nuevas zanjas que discurran por el contorno de protección de bien, cuando ya exista una infraestructura previa (camino) deberá realizarse por al lado dicho elemento que resulte más alejado de la ubicación del bien patrimonial.

No obstante, en atención a la consideración realizada, se realizará una modificación del trazado de la zanja en dicho tramo, consistente en el desplazamiento hacia el Oeste, de modo que la zanja discurra sobre el camino existente, quedando como elemento de separación una alambrada lindera que garantiza la no afección al espacio de turberas.

Resposta da DXPN:

Considerase que a medida presentada é adecuada.

Resposta Adelanta:

Relativa a la concreción en el EsIA de controles y medidas para evitar arrastres *(do recollido no informe do 09.10.2021)*

“O EsIA concretará os controis e as medidas para tomar para evitar os arrastres de terras procedentes das obras, xa que este aspecto contéplase de forma xenérica”.

En respuesta a dicha conclusión, procede indicar que en todo momento se dará cumplimiento a las determinaciones que sean fijadas por el Organismo de Cuenca, específicamente indicadas en el documento “Memoria descriptiva de las actuaciones en el ámbito del Dominio Público Hidráulico del PARQUE EÓLICO



ALTO DE MONTOUTO. Mayo 2021” donde se da resposta a las consideraciones realizadas en fecha 28 de abril del 2021 por la Confederación Hidrográfica Miño – Sil al proyecto, y que forman parte del expediente de información pública.

Resposta da DXPN:

Considerase que este apartado xa esta respondido no apartado 3 anterior, ao cal nos remitimos.

Resposta Adelanta:

Relativa a medidas adicionales que garantice la minimización de impacto por colisión para quirópteros (do recollido no informe do 09.10.2021).

”- Restrinxirase a rotación das pas das turbinas o máis posible por baixo da velocidade de réxime, determinando a velocidade do vento en buxe por baixo da cal os aeroxeradores permanecerán parados.

- No plan de vixilancia ambiental informárase sobre os tempos que a velocidade do vento foi inferior ao limiar establecido e a porcentaxe en que os aeroxeradores permaneceron parados por este motivo”.

En resposta a dicha conclusión, y a efectos de establecer las medidas más eficaces para minimizar la posible colisión de quirópteros con los aerogeneradores en el funcionamiento normal del parque eólico, se desarrollará una propuesta detallada de las medidas de seguimiento de quirópteros en el entorno de los aerogeneradores y la posible mortalidad asociada, con el establecimiento de umbrales para la adopción de las medidas correctoras necesarias, considerando la implementación de las medidas de restricción de la rotación de las palas de las turbinas cuando se superen los umbrales definidos o se cumplan las condiciones de riesgo de colisión establecidas. Dicha propuesta se presentará para su aprobación por la Dirección Xeral de Patrimonio Natural previamente al inicio de obras, y su contenido se incorporará al Programa de Vigilancia Ambiental.

Resposta da DXPN:



Se considera adecuada a proposta.

Resposta Adelanta:

Relativa a medidas adicionais que garantice la minimización de impacto por colisión para aves (do recollido no informe do 09.10.2021).

“Implementar tecnoloxías de redución do impacto por colisións como sistemas de detección baseados en vídeo (DtBird ou similar).

Considerando as aves rapaces (detectadas no EsIA e polos axentes ambientais do Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra) que voaban nas proximidades dos emprazamentos dos aeroxeradores e a sensibilidade destas a sufrir unha colisión, o sistema deberá prever a colisión de *Accipiter gentilis*, *Aegypius monachus*, *Aquila chrysaetos*, *Buteo buteo*, *Circaetus gallicus*, *Circus cyaneus*, *Falco tinnunculus*, *Gyps fulvus*, *Hieraetus pennatus*, *Milvus migrans* e *Pernis apivorus*”.

En resposta a dicha conclusión, se debe tener en cuenta que los sistemas de detección basados en vídeo como DT-Bird presentan una fiabilidad limitada, y a su vez generan un número de falsos positivos que podrían conllevar un número de paradas sin justificar con importantes perjuicios para las instalaciones y el sistema de red eléctrica. Dado que el objetivo final es el de reducir el impacto por colisión de las aves con los aerogeneradores, y a efectos de establecer las medidas más eficaces para minimizarlo, se desarrollará una propuesta detallada de las medidas de seguimiento de las colisiones de aves con aerogeneradores, con el establecimiento de umbrales para la adopción de las medidas correctoras necesarias, considerando la implementación de sistemas como DT-Bird u otros alternativos que permitan reducir el impacto de las colisiones de aves cuando se superen los umbrales definidos o se cumplan las condiciones de riesgo de colisión establecidas. Dicha propuesta se presentará para su aprobación por la Dirección Xeral

Resposta da DXPN:



A resposta outorgada é bastante inespecífica, así nun primeiro punto se cuestiona a fiabilidade do sistema Dtbird, sen por elo indicar as fontes que avalan esta afirmación, para a continuación propoñer no futuro un desenvolvemento dunha proposta de medidas de seguimento con incorporación de limiares para a adopción de medidas, considerando a implementación destes sistemas (DTbird) ou outros cando se superen esos limiares.

En relación a adopción de limiares e medidas indicar que no informe do 09.10.2021 se engadeu un anexo no cal se detallaban os aspectos a incluír nel, entre os cales estaban estes limiares e as medidas, sendo por tanto a proposta que se efectúa unha redundancia que ademáis de non entrar en detalles é sumamente xenérica. Por outro lado o sistema que se suxire Dtbird (ou similar) ten unha finalidade diferente, consistente en evitar o impacto antes de que suceda, non permitir a súa ocorrencia en función duns limiares.

En todo caso convén sinalar ao respecto deste tipo de dispositivos e medidas, que a Comisión Europea sinala que “As probas da eficacia de tales técnicas seguen sendo limitadas e é probable que a súa eficacia sexa moi específica de cada lugar e cada especie” (Comunicación de la Comisión Documento de orientación sobre los proyectos de energía eólica y la legislación de la UE . Bruselas, 18.11.2020 C(2020) 7730 final).

Dende esta DXPN enténdese que é pertinente empregar as mellores tecnoloxías dispoñibles en cada momento para paliar efectos medioambientais non previstos ou minusvalorados, técnicas que se iran perfilando e axustando a medida que se vaian implementando e usando. Sendo neste senso o Dtbird (ou similar) unha tecnoloxía en cernes con potencial para mellorar os seus resultados nun futuro próximo gracias aos avances na tecnoloxía e intelixencia artificial.

Resposta Adelanta:

Relativa a medidas adicionales que garantice la minimización de impacto por colisión para aves (do recollido no informe do 09.10.2021).





“Como medida disuasoria pasiva, o pintado en negro dunha das aspas de cada un dos aeroxeradores”.

En resposta a dicha conclusión, debe indicarse que el citado estudio de referencia “Paint it black: Efficacy of increased wind turbine rotor blade visibility to reduce avian fatalities. Roel May, Torgeir Nygård, Ulla Falkdalen, Jens Åström, Øyvind Hamre”, indica en sus conclusiones la reducción de mortalidad al pintar una pala de un color que contraste con el resto del aerogenerador, y no concluye en modo alguno que tenga que ser necesariamente de color negro.

Por otro lado, procede indicar que la implantación de la medida propuesta (pala pintado en negro) no resulta posible desde el punto de vista de viabilidad del proyecto de parque eólico por los motivos siguientes:

1. Aumento significativo de la absorción de calor al pintar la pala de negro, alterando por ello las propiedades de reflexión de la pala.
2. Incremento de la absorción que conlleva a un aumento del calor y la temperatura interna de la pala de más del 30% en comparación con las condiciones estándar de operación. Tal incremento puede afectar a las propiedades de los materiales de la pala, comprometiendo su diseño funcional y estructural, a los elementos internos de la pala, entre ellos, pero no limitado, al funcionamiento del sistema de protección de rayos y a las uniones pala/buje.
3. Se compromete por ello la operación, integridad, seguridad y calidad de la pala así como los certificados y validaciones emitidos por entidades independientes que la acreditan actualmente.
4. Imposibilidad de validación de la configuración por parte del tecnólogo e imposibilidad para garantizar que no haya afección sobre la garantía de producto o el cumplimiento de sus especificaciones.

Como propuesta alternativa de balizamiento o señalización a considerar, sin comprometer la seguridad y viabilidad del parque eólico, se podría aplicar una configuración de dos franjas de 6 m en color rojo o naranja.





Resposta da DXPN:

Como replica a primeira parte desta resposta na que se indica que "o estudio non conclúe en modo algún que teña que ser necesariamente de cor negra", sinalar que efectivamente as outras cores poden ser posibles, non obstante a súa eficacia a día de hoxe non foi verificada, sendo o estudio acometido actualmente aquel que adoptou a cor negra. Así mesmo indicar que o estudio ten como base outros anteriores, entre os cales ten un lugar destacado o de "Hodos 2003, Minimization of motion smear: Reducing avian collisions with wind turbines", no cal recomenda "probos de campo cun patrón negro sólido dunha soa folla para determinar a súa eficacia na redución de mortes, xa que ese patrón resultou ter mellor no maior efecto na redución do enmascaramento producido polo movemento", así mesmo tamén indica que "A provisión de sinais visuais "pasivos" pode mellorar a visibilidade das pas do rotor, o que permite ás aves realizar unha acción evasiva ao seu debido tempo. Os experimentos de



laboratorio indicaron que pintar unha das tres pas do rotor de negro minimiza o enmascaramento producido polo movemento (Hodos 2003)“.

Por outro lado, en relación a imposibilidade que manifesta a promotora de empregar a cor negra por razóns de índole técnica, así como en relación a súa proposta alternativa, cabe indicar que si ben eles interpoñen documentación e argumentos da empresa de aeroxeradores Vesta Eólica, cabe sinalar que actualmente outros promotores eólicos si están adoptando aeroxeradores coa cor negra nunha das aspas. En todo caso é posible o pintado en negro dunha das aspas de cada un dos aeroxeradores, polo menos en 2/3 desde a punta da pa.

Resposta Adelanta:

Relativa a la presentación de un estudio sobre la presencia del lobo (do recollido no informe do 09.10.2021).

“Noutro orde de cousas, e en relación ao lobo, tense que dar cumprimento ao punto 18 (“Efecto barreira das infraestruturas”), apartado 5, do Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia. Neste senso, no primeiro ano de funcionamento do parque eólico, como parte do plan de vixilancia ambiental, débese remitir á Dirección Xeral de Patrimonio Natural un estudo con datos sólidos sobre a presenza de lobos na área de influencia do parque eólico e debe realizarse unha avaliación e seguimento das afeccións da instalación eólica sobre a poboación de lobos; estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc”.

En resposta a dicha consideración, Alto de Montouto S.L. se compromete a la realización de dicho estudio durante el primer año de explotación del parque eólico, para su remisión ante la Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Resposta da DXPN:

Considérase adecuada a proposta.



IV. Conclusións.

Á vista dos antecedentes e da análise da documentación achegada para dar resposta ao informe desta dirección xeral do 09.10.2021 considerase que:

- Algún dos aspectos requiridos son satisfeitos, tal que: a proposta para salvagardar a turbeira coas medidas sinaladas para o foxo de cableado, medidas para os quirópteros e á realización do estudio para dar cumprimento ao punto 18, apartado 5, do Decreto 297/2008, do 30 de decembro.
- Os demais aspectos non se valoran como resoltos satisfactoriamente nos termos que se indican no epígrafe anterior nas respostas plasmadas da DXPN.

O presente informe emítese sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos debendo cumprir o establecido no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas

